



Unificamos a plataforma sindical

CCOO, CSICA e CIG, unificamos os últimos flecos da plataforma negociadora, co detalle dos aspectos e garantías que ata o día de hoxe non se falaron na Mesa de Laboral e que consideramos que deben estar.

Con esta terceira entrega, as dúas anteriores (20 de xuño e 2 de setembro), xa publicadas, CCOO-CSICA-CIG, fixemos un esforzo unificando criterios e peticións co ánimo de chegar a un acordo satisfactorio e no menor tempo posible.

Agora son as Empresas as que teñen que moverse e, na vindeira reunión do xoves día 16, teñen que concretar movementos.

Achegamos detalle esquemático, dos puntos da plataforma entregada hoxe.

Galiza, 8 de setembro de 2010

Detalle esquemático da plataforma sindical CCOO-CSICA-CIG

Peches de oficinas e reordenación de Servizos Centrais	4 Eixos fundamentais: a) Consolidación de categorías en proceso. b) Compensar a mobilidade. c) Manter os pluses por posto. d) Oferta pública de vacantes.
Garantías	a) Utilización de medidas NON traumáticas en todos os casos. b) Voluntariedade en todos os supostos. c) Respecto das reducións de xornada actuais. d) Mantemento e cumprimento dos acordos de prexubilacións en vigor. e) Contratos temporais: mantemento e pase a fixos. f) Contratos de relevo: pase a fixos dos temporais actuais. g) Unificación condicións dos Contratos de relevo xa existentes de ambas Entidades. h) Venta de Rede, de producirse: priorizar na negociación o mantemento do emprego e das condicións laborais derivadas do acordo de fusión. i) Vixencia das medidas ata o ano 2013 e prórroga a negociar. j) Respecto ás ofertas públicas aceptadas polos traballadores/as.
Trasladados/as	Os/As xa desprazados/as, con garantía específica ou non, posibilidade de retorno nun prazo concreto.
Vacacións	Período xeral de disfrute: Xuño a Setembro. Poderá ser fraccionado o período a vontade do traballador/a. Incremento de 2 días hábiles con máis de 20 anos de antigüidade.
Axuda por casamento e natalidade + cesta de Nadal	Regulamentar as condicións actuais que se disfrutaban nas entidades.
Axuda gardería	Manter a opción de cobrar esta axuda mediante Vale Gardería.
Seguro médico	Tarxeta sanitaria ADESLAS de balde.
Dietas e desprazamentos	Para equipo de substitucións fixo e apoios puntuais a oficinas, segundo criterios actuais de Caixa Galicia.
Quebranto de moeda	A empresa asume as diferenzas que se produzan. Mantendo con carácter voluntario o plus para quen actualmente o teña.
Reordenación de Servizos Centrais	Manter as condicións actuais de ambos colectivos, en tanto non se chegue a un acordo de unificación de condicións.
Reordenación de División de Sistemas	Manter as condicións actuais de ambos colectivos, en tanto non se chegue a un acordo de unificación de condicións.
Esforzo e dedicación pola Integración	Gratificación salarial polo esforzo.
Faltas e sancións	Cancelación de todas as faltas e sancións que consten nos expedientes.
Revisións médicas, Servizo de Prevención, Riscos psicosociais, Atraco	Manter os protocolos actuais e os servizos en vigor actualizándoos á normativa vixente.
Contratos temporais	Pase a fixos a partir da data de fusión, os temporais con 2 anos de servizo e os contratos de relevo. Creación de bolsa de emprego cos traballadores/as que prestaron servizos con anterioridade en ambas entidades.
Medidas para minimizar o impacto laboral	1) Compromiso de non exteriorizar servizos. 2) Dotación mínima por oficinas. 3) Dotación adecuada do cadro de persoal volante e substitucións para cubrir necesidades.